

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 25 DE SETEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil dezasete, convocado en forma regulamentaria, réunese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.

Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^a. Ana M^a. Prieto Martínez.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31/07/2017

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta (12 votos) procede a súa aprobación, coa abstención do Sr. Pita Galego, motivada pola súa inasistencia á citada sesión.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA COMPRENSIVOS DO 12/2017 AO 16/2017

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía comprensivos do 12/2017 ao 16/2017, copia dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2016

Pola Presidencia faise introducción do tema e dáse coñecemento de que, ultimada a confección das Contas Xerais do exercicio 2016 foron sometidas a ditame da Comisión informativa especial de contas en data 18 de xullo do 2017. Que de acordo co informe da mesma e a normativa correspondente, procedeuse a practicar información pública habendo transcorrido o prazo de quince días e oito máis, fixado para a presentación das correspondentes reclamacións, sen que se producirá ningunha, polo que tráense a este Pleno para que tal como esta determinado se adopte acordo sobre a súa aprobación e posteriormente render dita Conta Xeral ao Consello de Contas, e todo iso en virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 116 da LRBRL e 208 a 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de

facendas locais. Seguidamente polo Alcalde explicitábase cal é o contido da conta xeral e do procedemento para a súa aprobación, dando lectura a diversos apartados da mesma, tales como resultado presupostario, remanente de tesourería, resumo liquidación orzamento, memoria, etc., todo iso referido o 31 de decembro do 2016.

Atópase sobre da mesa o expediente correspondente no que se conteñen tódolos documentos e trámites fixados, así como o informe da Intervención e os xustificantes da exposición pública.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, PP e Grupo Mixto (BNG e CG), e 2 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de MOVENEDA, presta aprobación a Conta Xeral do exercicio 2016, cuxo expediente queda custodiado nos Servizos Económicos do Concello.

4º.- ESTABLECEMENTO DE DOUS DÍAS FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2018

Vista a comunicación efectuada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en orde á determinación de dous días festivos locais de carácter retribuído e non recuperable neste termo municipal de Neda para o ano 2018, e previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno emitido en sesión ordinaria de 21 de setembro de 2017, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

Propoñer como días festivos locais de carácter retribuído e non recuperable do exercicio 2018 os seguintes:

- **Mércores de cinza (14 de febreiro)**
- **10 de setembro**

Polo Sr. Alcalde se explica que a proposta da Comisión Informativa relativa ao día 10 de setembro, se realiza en substitución do día 8 de setembro (Santa María de Neda), data tradicionalmente festiva na localidade, e que se cambia para o día 10 de setembro por coincidir aquela en sábado no ano 2018.

5º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PAZO DE MEIRÁS

Sobre a base da moción presentada pola concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 21 de setembro de 2017 acordou que a *“Sra. Concelleira do BNG presentara para o Pleno una moción transaccional cuxo punto dispositivo 2º conteña íntegramente o acordo plenario do Concello de Sada, de acordo coa proposta do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, e cun punto dispositivo expreso que sexa a adhesión ao manifesto institucional da Xunta pro devolución do Pazo de Meirás, incorporando o texto integro do mesmo, de acorda coa proposta da Sra. Concelleira do PSdeG-PSOE”*.

De acordo con estes antecedentes, a concelleira do BNG defende a moción transaccional do seguinte tenor literal:

“Exposición de motivos

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impiedade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a convirta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consinten, amparan e protexen a Illa de impiedade e o parque temático franquista en que se convertiu o Pazo de Meirás.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Retirar ó dictador Francisco Franco o título de Alcalde Honorario do Concello de Neda, nomeado en sesión plenaria no concello da Coruña, celebrado en Xuño do ano 39 como "Alcalde Honorario de tódolos concellos da Provincia".

2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico. Dito acordo plenario se transcribe a continuación textualmente:

“1.- Apoio expreso do Pleno do Concello de Sada para, apoiando as solicitudes formuladas pola Alcaldía de Sada o pasado 31 de xullo e a do Concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de xullo de 2015, instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións tendentes a evitar e, no seu caso, non autorizar, que sexa a Fundación Nacional Francisco Franco quen xestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.

3.- Instar a Xunta de Galicia a que esixa aos propietarios que detentan o inmovible que cumpran co réxime de visitas ao BIC disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista en dita Lei para ditas infraccións.

4.- Demandar da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas aquelas actuacións encamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.

5.- Formalizar declaración institucional de condena expresa ante os comunicados emitidos pola Fundación Nacional Francisco Franco así como de apoio á memoria das vítimas do franquismo.

6.- Instar ás Cortes do Estado, Grupos Parlamentarios e do goberno do Estado ás iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que como a

Fundación Nacional Francisco Franco teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.

4. Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.

5. Apoiar o manifesto elaborado, logo das xuntanza mantidas o 9 de Agosto e o 19 de Setembro, pola "Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás", incorporado como anexo a esta moción.

6. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

(Anexo moción)

Manifesto da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás

1.- Facemos un chamamento a institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.

2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao pazo de Meirás e que a FNFF declarase que “es una excelente oportunidad para mostrar al gran público la

grandeza de la figura de Francisco Franco”, condenamos as declaracións da citada Fundación, que son unha apoloxía do franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.

3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural (BIC) Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen as xestione.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se cumpra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na Lei para ditas infraccións.

5.- Instamos ás Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandamos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mocións de apoio a este manifesto”.

Seguidamente ábrese **DEBATE**: **Sra. Pena Barcia**: La postura del PsdeG fa sido clara desde el primer momento, apoyamos una moción que los socialistas también estamos presentando en muchos Concellos, mostrando su más absoluto rechazo a entregar a gestión del pazo de Meirás a una fundación cuyo objetivo es exaltar la figura del dictador y con ello mimar los fundamentos de la democracia y vulnerar la legalidad.

Consideramos que lo que está haciendo la fundación Francisco Franco es una clara violación de la Ley de Memoria Histórica, y un intolerable insulto a las víctimas del franquismo. Esta fundación infringe, a nuestro entender, la propia Ley de Fundaciones, puesto que evidentemente no defiende ningún principio democrático, pretendiendo convertir el pazo en un lugar de peregrinaje y de exaltación de la dictadura y del fascismo.

Aún a día de hoy, no es delito la apología del franquismo, porque el PP en la última reforma de Octubre de 2013 del Código Penal se negó a incluirlo como delito, entendemos necesaria la reforma del Código Penal para tipificar este delito.

Entendemos necesario que se cree un órgano técnico capacitado para estudiar el expediente original de la donación del pazo, entendiendo que esto pudo suponer un acto ilegítimo ante el momento y las circunstancias en que se produjo el expolio, por parte de un régimen político nacido de un golpe de estado ante el legítimo gobierno republicano; que ese bien vuelva a su legítimo dueño, que somos todos los gallegos, muy especialmente el Concello de Sada.

En cuanto a retirar al dictador el título de alcalde honorario, mostramos nuestro total acuerdo, al considerar un deshonor que un dictador tenga ningún honor o prerrogativa, sobre este o sobre cualquier Concello. Por todo lo manifestado votaremos a favor de la totalidad de la moción presentada.

Sr. Cabezón Lorenzo: apoiamos o manifesto, pero temos que dicir que non nos opoñemos á retirada do título de alcalde honorario a Francisco Franco, pero previamente habería que consultar si hai acta que así acredite o nomeamento.

Sra. Bouza Bellón: acordouse no Concello da Coruña e se fixo extensivo a todos os Concellos da provincia.

Sr. Cabezón Lorenzo: estamos de acordo en que se investigue si o pazo se obtivo de forma ilícita.

Sra. Insua Cabanas: ao meo avó, que era mestre de escola aquí en Neda, lle retiraban cartos cada mes para sufragar á adquisición do pazo.

Sr. Cabezón Lorenzo: non estamos de acordo co punto 6º da moción, referente a instar á Xunta de Galicia a elaboración duna Lei galega de memoria histórica, con que se aplique a do Estado o consideramos suficiente.

Sr. Caaveiro Puentes: estamos de acordo coa moción, e ademais pedimos que se active a Comisión de memoria histórica creada neste Concello.

VOTACIÓN: Procédese á votación da moción punto por punto, sendo a mesma apoiada por unanimidade dos membros da Corporación municipal no que respecta aos puntos 1º a 5º ambos incluídos, e resultando o punto 6º apoiado por maioría absoluta dos membros da Corporación, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres. concelleiros do PP.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal do PP, Sr. Cabezón Lorenzo**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Con carácter previo queremos felicitar á concelleira de servizos sociais, Sra. Pena Barcia, por levar adiante o proxecto de escola infantil que tiñamos empezado nós.

2º.- Pareceunos triste que non se tiña feito unha declaración institucional de duelo polo pasamento dunha persoa que ostentaba a medalla de ouro de Neda.

Sr. Alcalde: estaba fora e se nos pasou facer a declaración a nivel institucional, pero se fixo de xeito particular.

3º.- Queremos saber en que consiste o contrato de asesoramento en comunicación.

Sr. Alcalde: comprende os boletíns e todo tipo de información institucional

Sr. Cabezón Lorenzo: se nos criticou no anterior mandato corporativo por un servizo semellante que so custaba 400 euros ao mes, mentres que agora se eleva a 12.000 euros anuais, e se adxudica a dedo, sen solicitar máis ofertas.

Sr. Alcalde: é un contrato menor, e reducimos gastos de imprenta que eran elevados.

4º.- Xa temos o informe de Viaqua sobre a Peteirella?

Sr. Alcalde: xa o temos e iniciaremos o procedemento para formular reclamación legal pola obra deixada de executar e os danos causados pola empresa madeireira.

5º.- Sabemos que para a festa do pan se mercaron 1.200 pañoletas, pero preguntamos si se nos darán todas a contas da festa, punto por punto.

Sra. Bouza Bellón: si, probablemente xa as teña todas para a vindeira Comisión Informativa, e as de 2016 xa se entregaron.

6º.- Por qué renunciou ao contrato a empresa Mantecer?

Sr. Alcalde: porque son de Arteixo, e nos comentaron que as contas non lles daban ao ter que desprazar maquinaria e persoal dende lonxe.

7º.- En qué consiste o contrato publicitario cun diario dixital de Ferrol, por importe de 360 euros ao mes?

Sr. Alcalde: é un contrato menor para promocionar Neda.

Sr. Cabezón Lorenzo: a maiores dos 12.000 euros con Pingota comunicación, e logo se nos criticaba a nós por un gasto de 400 euros ao mes.

Sra. Insua Cabanas: pediremos que se nos entregue por escrito información sobre todos os gastos de publicidade do Concello.

8º.- A organización das festas patronais de Santa María se contratan con José Manuel Bellón por importe de 8.000 euros, cando se dixo que as ían organizar os feirantes, por qué motivo?

Sr. Alcalde: as festas non se ían celebrar, xa que os feirantes dixeron que 3.000 euros non lles chegaban para organizalas, así que acordamos promoverlas dende o Concello, ao consideralas un acto social, e foron os feirantes os que nos propuxeron adxudicala a esa persoa.

9º.- Se vai traer a un Administrativo en comisión de servizos?

Sr. Alcalde: si, xa se resolve a convocatoria na Xunta de Goberno Local de hoxe, é para o posto que deixou vacante por xubilación o Sr. López.

10º.- Por último, Julio Boudón nos pide que falemos co goberno municipal para ver si o recibides para falar da creación dun almacén de mobles usados que para entregar ás persoas que puideran necesitalos; e Abel, quen foi concelleiro do BNG nesta Corporación Municipal, pide ao Concello que se realice un Bando o día 30 de setembro en defensa da unidade de España, ante o que está sucedendo en Cataluña, e pide tamén que se convoque una manifestación de apoio a dita unidade na praza do Concello.

Seguidamente intervén o **concelleiro de MOVENEDA**, Sr. Caaveiro Puentes, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- O día 30 de marzo se presentou un escrito por rexistro para limpeza de arquetas, e aínda non está resolto o problema.

Sr. García Cordero: xa se actuo naquel momento.

Sr. Caaveiro Puentes: pois algunhas volven a estar tupidas, é necesario volver a actuar.

2º.- En relación coas actuacións que se acometen para erradicar a vespa velutina, se presentará algún informe de resultado da tempada?

Sr. Ferreiro Rego: presento informes quincenais na Comisión de Delegados, e aínda que non había pensado no informe de tempada, se pode facer.

Sr. Pita Galego: en Culleredo están aplicando un sistema pioneiro, consistente en aplicar un disparo cun virus contra o nido, e ao mellor se podía aplicar tamén aquí, o incluso mancomunar un servizo deste tipo.

3º.- Queríamos preguntar si se contrataron os seguros para a xente que traballa neste tema da velutina, e tamén si se van facer máis charlas o vindeiro ano.

Sr. Ferreiro Rego: non se contrataron seguros, porque son voluntarios, e por suposto que o vindeiro ano seguiremos facendo charlas para explicarlle á xente como facer trampas contra as velutinas.

4º.- Sobre a comporta dos Ríos se ía facer un informe, hai algo ao respecto?

Sr. Alcalde: estamos estudando un proxecto para ver si se pode acometer.

Sr. Caaveiro Puentes: antes do inverno nada?

Sr. Alcalde: non, porque para realizar as obras se necesitan informes sectoriais.

Seguidamente intervén o **portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- No canal de augas de Mariña, na zona dos Pazos, hai uns montes propiedade da Mariña que están moi abandonados.

Sr. Alcalde: intentaremos limpalo.

Sr. Pita Galego: e tamén hai que facer mantemento do canal porque non se está facendo.

2º.- Coincido co dito anteriormente sobre os gastos de publicidade, xa que hai que engadir tamén seis pagos á Axencia audiovisual galega de 726 euros mensuais.

Sr. Alcalde: é para promocionar o Concello de Neda.

Sr. Pita Galego: se están gastando moitos cartos en iso, cando para outras cousas máis necesarias como axudas para libros ou servizos sociais se nos di que non hai cartos.

3º.- No Pazo da Mercé hai vodas e festas todos os fins de semana, e hai queixas dos veciños da zona por ruídos, música, lanzamento de fogos artificiais.

Sr. Alcalde: se nos falou dos fogos artificiais, e xa falei cos responsables do Pazo para que non os lancen a partires das doce da noite.

4º.- En canto á depuradora, hai un informe de Augas de Galicia que di que se cumpre, pero a depuración é deficiente.

Sr. Alcalde: por iso traballamos en diversos proxectos para solucionalo.

5º.- Hai un pago de 1.825 euros á Cadena Cope para promocionar o padel feminino, e queríamos saber de que se trata.

Sr. Alcalde: é un erro, trátase de básquet feminino.

6º.- E o pago dunha ambulancia para unha proba ciclista, tamén queremos saber de que se trata.

Sr. Seijo Martínez: é a proba dos nenos.

7º.- A asociación de minusválidos ASCM presentou no Concello un informe no que acredita o incumprimento das normas de accesibilidade en paradas de autobús e marquesinas, e preguntamos si se traballa para solucionalo.

Sr. Alcalde: estamos traballando coas cuadrillas para mellorar a accesibilidade en todo o municipio.

8º.- Recibimos unha subvención de 6.500 euros para limpeza de praias e o único que se fixo foi desbrozar en aproximadamente dous centos metros lineais e un metro medio de altura, e teño fotografías que así o atestiguan, sen que se fixera nada máis, nin en Ostreira, nin en Casqueira, nin no Puntal.

Sr. Alcalde: se fixo unha limpeza completa en toda a zona.

Sr. Pita Galego: solicitamos ao Concello facer unha limpeza con voluntarios en toda a zona, e non se nos autorizou.

Sr. Alcalde: autorizamos sempre este tipo de actuacións, pero pedíades equipos, seguros, e iso custa moitos cartos.

9º.- Na limpeza viaria, a empresa adxudicataria do servizo está facendo a limpeza con máquina, que é obrigatoria de acordo co prego de contratación?

Sr. Alcalde: si que se fai con máquina de vez en cando, que é o esixido no prego do contrato.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral